



O PAPEL DOS CONCELLOS E DAS ASOCIACIÓNS DE BASE NA RECUPERACIÓN DO XOGO TRADICIONAL. Contribucións na fundación de BRINQUEDIA, Rede Galega do Xogo Tradicional.

1. Algúns aspectos arredor dos xogos, que poden ser valorados previamente á definición do papel dos concellos e das asociacións de base:

a) Algunhas causas do devalo dos xogos tradicionais:

- Unha razón económica. O xoguete industrial.
- A popularización dos deportes de masas.
- O cambio operado nos escenarios de xogo. Os espazos salvaxes e semidomesticados foron mudando progresivamente ata se converter en espazos semidomesticados ou domesticados, practicamente en exclusiva.
- A compartimentación dos grupos de idade e a superespecialización dos nenos/as nos traballos estritamente escolares.
- En xeral, o proceso de aculturación agresiva que se está sufrindo.
- ...

b) Outros aspectos arredor dos propios xogos:

- Cando é preciso, o xoguete está tirado dos elementos que o medio ofrece espontaneamente. É fundamental a interrelación do individuo co medio.
- Existen xogos populares/tradicionais aos que a progresiva práctica estereotipada semella telos convertido en deportes. Existen tamén manifestacións lúdicas que poden traspasar a fronteira de xogo para se converter en deporte.
- ...

2. Algunhas estratexias de recuperación:

a) Catalogación e recuperación:

- Fase 1. Investigación de campo – recollida dos xogos da zona.
- Fase 2. Estruturación da recollida e difusión (publicación...).
- Fase 3. Actividades de recuperación: actividades de tempo libre, xornadas de divulgación, campionatos dalgúns especialidades, ludotecas, actividades diarias nos centros de ensino e parques, convocatoria de xogos de adultos...
- ...

b) Os espazos de xogo:

- Recuperación dos espazos tradicionais de xogo espontáneo (prazas, rúas, campos de xogo...).
- Construción de canchas de deportes ou pseudodeportes tradicionais (birlos, chave...).

- Inclusión dos xogos tradicionais no deseño dos parques infantís de xogo.
- Redefinición das zonas verdes tamén desde a perspectiva da posibilidade de construción de enredos tradicionais.
- Aproveitamento de pequenos espazos (incluso "inútiles") como "canchas" de pequenos xogos (mariola, tres en raia...).
- ...

c) Apuntamentos sobre o papel do goberno:

- Necesidade dun *Plano Galego de Recuperación dos Xogos e Deportes Populares e Tradicionais*, inserido nunha estratexia global de rexeneración cultural de Galiza.
- Particularmente, unha Lei do Deporte acaída tamén a un proceso de recuperación do patrimonio lúdico. Entre outras cuestións, regulamentación da existencia de Agrupacións ou Federacións dos diferentes deportes ou xogos/deportes tradicionais, capacitando a estas entidades para a consensuación de regulamentos, para a posta en marcha de competicións...
- Catalogación -remate- dos xogos populares e tradicionais. Constatación do grao de vixencia de cada unha das manifestacións lúdicas tradicionais.
- Presenza dos xogos populares/tradicionais galegos nos foros de debate internacional. Participación activa na xestión deses foros.
- Implicación dos medios de comunicación dependentes da administración pública na recuperación do patrimonio lúdico.
- Implicación doutras institucións e entidades no proceso: museos, ludotecas, fundacións comarcais...
- ...

d) Algunhas liñas de investigación sobre o xogo que están abertas:

- O estudo do xogo espontáneo nos nosos días. A que xogan os nenos/as e as persoas adultas.
- O estudo das causas de desaparición dos xogos populares e tradicionais galegos.
- O estudo monográfico dos enredos populares e tradicionais.
- O estudo da sucesión, ao longo do ano, dos xogos populares/tradicionais.
- O estudo, desde as didácticas específicas, dos xogos populares/tradicionais.
- O estudo do catálogo lúdico tradicional desde a perspectiva das grandes estruturacións das actividades lúdicas.
- O estudo da literatura oral presente nos xogos populares e tradicionais.
- O estudo do léxico especificamente lúdico e das circunstancias que envolven as actividades de xogo.
- O estudo da presenza específica do xogo popular/tradicional no currículo.
- O estudo da presenza do xogo popular/tradicional entre os proxectos das asociacións de base e das institucións locais.
- ...